

EXPEDIENTE: 2026/E001/000002 (relacionado co expediente 2026/A008/000014)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS E 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026

TRÁMITE: RESOLUCIÓN CONTRATACIÓN DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS

Logo de ver a proposta do concelleiro de Ordenación do Territorio, Obras e Servizos, Cultura e Patrimonio do 16/06/2026, relativa á contratación laboral temporal de 2 peóns forestais, ao abeiro das subvencións para o fomento do emprego no medio rural PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026.

Logo de ver a Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026).

Logo de ver a Resolución da dirección territorial do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 21/04/2026, notificada ao Concello de Dodro o 21/04/2026, concedéuselle ao Concello de Dodro unha subvención por importe de 60.159,32 euros para a contratación de tres traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado: "PROGRAMA DE OPTIMIZACIÓN FORESTAL 2026", consonte coa seguinte desagregación:

CONTRATAÇÕES SUBVENCIONADAS	OCUPACIÓN - CNO	GRUPO COTIZACIÓN	IMPORTE SUBVENCIÓN
1	2423 - Enxeñeiro de montes	1	26.249,26
1	9543 - Peóns/oas forestais e da caza	10	16.955,03
1	9543 - Peóns/oas forestais e da caza	10	16.955,03
TOTAL SUBVENCIÓN			60.159,32

Logo de ver que por Resolución da Alcaldía núm. 240/2026 de 22 de maio de 2026, aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 2 peóns/peoas forestais e 1 enxeñeiro/a de montes durante 9 meses e a xornada completa para a execución do "Programa de optimización forestal 2026" e que solicitouse a oferta de emprego á Oficina Pública de Emprego, co número de 12-2026-5070 para os postos peóns/peoas forestais.

Realizado o proceso de selección para os postos de peóns/peoas forestais o 09/06/2026, consta acta do tribunal do 09/06/2025, que propón a contratación de JOSÉ RAMÓN FRANCO SOMOZA e de LUIS ALBERTO VARELA CASTRO.

Na acta do tribunal estableceuse a seguinte lista de reserva, aos efectos de cubrir vacantes, baixas ou renuncias:

- 1º EDUARDO BONDAD SEOANE
- 2º MANUEL RUBÉN TORRES GONZÁLEZ

Constatado que JOSÉ RAMÓN FRANCO SOMOZA non cumpre un dos requisitos das bases de selección para a formalización do contrato, e que o primeiro candidato da

mencionada listaxe de reserva é EDUARDO BONDAD SEOANE, que acepta o posto de peón forestal.

Consta informe de secretaría-intervención do 16/06/2026, en sentido desfavorable por mor do procedemento de selección esixido pola Xunta de Galicia, de reparo suspensivo, reiterando o informado respecto da fase A.

Considerando que as bases reguladoras da subvención que financia a contratación, a Resolución de concesión de subvención e a disposición adicional novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, implican empregar a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego e que as mencionadas bases obrigan a utilizar o procedemento de selección nelas establecido, este concello poría en risco o financiamento no caso de non respectar as exixencias das bases reguladoras da subvención e da resolución de concesión, polo que non poden subsanarse os defectos observados pola Secretaría-Intervención.

Consta informe médico, cos resultado de favorable, así como o resto da documentación achegada polo aspirante o 15/06/2026 e o 16/06/2026 de acordo coa Base 9 das reguladoras do procedemento.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal e de conformidade co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Declarar a necesidade e urxencia de contratar a dous (2) peóns/peoas forestais para o desenvolvemento do "PROGRAMA DE OPTIMIZACIÓN FORESTAL 2026" ao abeiro do disposto na Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do estado para o ano 2023, prorrogados para 2026, o que supón o levantamento do reparo polos motivos indicados.

SEGUNDO.- Contratar como como peóns forestais a LUIS ALBERTO VARELA CASTRO (DNI***952***) e a EDUARDO BONDAD SEOANE (DNI***889***), durante un período de nove (9) meses, sendo a data de inicio o 18 de xuño de 2026.

O contrato rexerese pola lexislación laboral no modelo de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

As retribucións brutas (incluída a prorrata das pagas extras) ascenden a: 1.424,50 euros mensuais para o posto peón/peoa forestal.

TERCEIRO.- Dispoñer o gasto por importe e con cargo ás aplicación orzamentarias 1720/14300 e 1720/1600

CUARTO.- Aprobar a seguinte listaxe de reserva para o caso de que se produzan renuncias ou baixas:

1º MANUEL RUBÉN TORRES GONZÁLEZ

QUINTO.- Notificar a resolución aos interesados e publicala no taboleiro de anuncios electrónico do Concello.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

*Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe*